

Avda. Ambulatorio, s/n (Edif. Antigo Centro Médico)  
Telf: 981 70 40 48 Fax: 981 70 47 80  
15100 CARBALLO (A Coruña)



ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PROTECCION CIVIL  
DA CORUÑA

En Teo a 12 de Xullo de 2017 sendo as 15:00 horas, presentáronse os seguintes membros da Xunta Directiva.

Presidente: José Antonio González Del Oso

Vicepresidente: Francisco José Saavedra Díaz

Secretaria: Oliva García Trasancos

Tesorero: Juan M. Corral Sánchez

Vogal: Begoña del Río Martínez

Vogal: Honorino Raña Raña

Asesor a Presidencia: Ramón Pérez Barrientos

Orde do día:

1. Lectura e aprobación se proceda da Acta anterior.  
A secretaria da lectura a Acta da reunión anterior que os membros da Xunta Directiva recibiron por correo electrónico que se aproba por unanimidade dos presentes.
2. Informe de Presidencia.  
O Sr. Presidente da conta da reunión mantida o pasado 20 de xuño na Deputación da Coruña co fin de ter coñecemento do proceso en que se atopa a xestión para concesión de Subvencións as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil da Provincia, compromiso adquirido polo organismo público ca nosa entidade . Os interlocutores presentes en representación do organismo provincial trasmiten que o proceso está en fase de fiscalización por Intervención e que non debería de demorarse moito a publicación no Doga da Convocatoria.

Asemade o Sr. Presidente comunica os presentes a recente Reunión co Director Xeral de Emerxencias, D. Luís Menor, o pasado xoves 6 de xullo, na que a Asociación Provincial de Agrupacions e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil deu conta do seu descontento en materia de Formación para Voluntarios e a Xestión da plataforma da AGASP. O Sr. Presidente explicou o Director que despois de facer un análise concienzudo e exhaustivo dos cursos para voluntarios de Protección civil realizados no ano 2016 e no primeiro semestre do 2017, detectase formación reiterada no tempo que non cumpre cas expectativas e que non acada demanda do colectivo o que vai dirixido. En vista da documentación aportada e a información suministrada confirmamos o compromiso dende a Dirección Xeral de convocar reunión ca AGASP para consensuar formación para o vindeiro semestre.

O Sr. Presidente da conta da reunión mantida na mañá do día 12 de xullo na Agasp co Secretario da AGASP D. Ramón Quiroga, o Xefe de Servicio D. Luís Castedo, o Xefe Provincial de A Coruña D. Víctor Vázquez, a Xefa de Área Dona M<sup>a</sup> Jesús Leiras e os representantes da Asociación Provincial de Agrupaciones e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de A Coruña. Nela recibese copia da proposta de Formación para o segundo semestre do ano 2017. Curso por curso proposto para os Voluntarios, debatese a idoneidade da temática e/ou a necesidade e demanda de esa formación para o noso colectivo. Asemade a Asociación realiza a proposta de nova formación en materia de Comunicacions, Salvamento Acuático e Fomento da Cultura Preventiva en Escolares que ten boa acollida por parte dos interlocutores presentes, porén queda pendente a aprobación das edicións autorizadas a realizar neste segundo semestre.

En relación a formación externalizada e despois de recabar información das Agrupacions da Provincia en canto a necesidades realizase a proposta por parte desta Asociación da impartición de tres cursos de Iniciación de DESA, tres Cursos de REciclaxe de DESA, 2 Cursos Básicos, 1 Curso de Incendios e outro de Excarceración. Quedase a espera de orzamento disponible para consensuar edicións e sedes.

### 3. Rogos e Preguntas

Sen consultas en este apartado

Sen máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as 17:30 horas